In a laborious process, Fran Millán cleans and prepares this wood destined for waste to transform it into a new raw material with extra durability thanks to the salinity it acquires after so much time in the sea. “Structurally, it is no longer fit to be in the *batea*, but the wood is not damaged, quite the contrary. The saltpetre protects the wood from fungi and makes it more durable,” he explains.

The first selection of the material is made in the port itself and then, in the workshop, it is cleaned beforehand to remove the mollusc shells, before being stored to dry. “The wood is dry because it has been cut for 25 or 30 years, but the drying process is necessary to eliminate the humidity of the sea, which takes at least four or five months,” Fran points out. The wood that is waiting to be used is labelled with the origin of the *batea*, the year its installation at sea and the date of the arrival of the wood at the warehouse, which allows him to control the traceability of the final piece and also the drying times of the wood.




A través dun proceso laborioso, Fran Millán limpa e prepara esta madeira destinada a refugallo para transformala nunha nova materia prima cun extra de durabilidade grazas á salinidade que adquire despois de tanto tempo no mar. “A nivel estrutural xa non serve para estar na batea, pero a madeira non está estragada, todo o contrario. O salitre protexe a madeira de fungos e faina máis duradeira”, explica.

A primeira selección do material faise no propio porto e despois, xa no taller, fáiselle unha limpeza previa para retirar as cunchas de moluscos, antes de almacenala para secar. “A madeira está seca porque leva 25 ou 30 anos cortada pero é necesario o proceso de secado para eliminar a humidade do mar, que dura mínimo catro ou cinco meses”, sinala Fran. A madeira que agarda a ser empregada está etiquetada coa orixe da batea, co ano de instalación da batea no mar e coa data da chegada da madeira á nave, o que lle permite controlar a trazabilidade da peza final e tamén os tempos de secado da madeira.

“Á xente que vén o que máis lle chama a atención é a transformación do material. Ves a madeira así como vén do mar e despois de traballala ver o cambio é impresionante, porque cando chega parece que está para tirar e non relacionas ese material que está para tirar coa peza final”, comenta Fran. Todo o proceso de limpeza realízase sen que interveña ningún axente químico e o acabado das pezas realízase con aceites naturais que facilitan ademais o mantemento e mesmo a renovación do moble.

**“Neste proxecto intento poñer en valor todo o esforzo da xente do mar, reivindicar eses oficios porque son tamén a nosa identidade”**



**“En este proyecto intento poner en valor todo el esfuerzo de la gente del mar, reivindicar esos oficios porque son también nuestra identidad”**

**“In this project I am trying to highlight all the efforts of the people of the sea, to vindicate these trades because they are our identity, too”**

“Those who come here are most struck by the transformation of the material. You see the wood as it comes from the sea and after processing it to see the change is impressive, because when it arrives it looks like it is ready to be thrown away and you don't connect this material that is ready to be thrown away with the final piece,” says Fran. The entire cleaning process is carried out without the intervention of any chemical agent and the finishing of the pieces is done with natural oils, which also facilitate the maintenance and even the renovation of the piece of furniture.

His workshop produces utilitarian furniture such as tables, chairs, bookcases, headboards, coat racks, lamps, etc., and also more signature pieces such as *Noray*, an auxiliary piece of furniture that can be a table or a stool but also a lamp, as it incorporates a battery-powered lighting system, an element that Frouma offers in many of its pieces. The name and shape of this piece, winner of the Artesanía de Galicia 2023 Award, refer to the bollards fixed in ports to which boats are moored, and the fact that it is made from wood and nets that have spent time at sea insists on the concept of sea-related trades and this artisan's commitment to recycling and sustainability.


Do seu taller saen mobles utilitarios como mesas, cadeiras, librerías, cabeceiros, percheros, lámpadas, etc., e tamén pezas máis de autor como é o caso de *Noray*, un moble auxiliar que pode ser unha mesa ou unha banqueta pero tamén unha lámpada, xa que ten incorporado un sistema de iluminación con batería, un elemento que Frouma ofrece en moitas das súas pezas. O nome e a forma desta peza gañadora do Premio Artesanía de Galicia 2023 fan referencia aos morróns fixados nos portos aos que se amarran os barcos, e o feito de estar elaborado con madeira e con redes que pasaron tempo do mar insiste no concepto dos oficios vinculados ao mar e na aposta deste artesán pola reciclaxe e pola sustentabilidade.

Ademais da madeira de batea, Fran Millán está a incorporarlle ao seu deseño outros materiais vinculados a Galicia como as redes de pesca ou a lousa. “As bateas son moi nosas, son unha icona, e cada vez máis estou introducindo redes de pesca nos deseños. O das redeiras sempre foi un oficio moi pouco valorado, como non se valorou tampouco o traballo da muller no mar. Agora teño unha colección á que lle chamo *Mar e Terra* na que incorporo a lousa combinada coa madeira porque tamén é un material moi noso e que vai moi en consonancia con Frouma”, comenta.

A sustentabilidade é o principio fundamental de Frouma Atlantic Wood. A través do seu proxecto, Fran Millán consegue eliminar o problema de desfacerse da madeira que se cambiaba nas bateas e transformalo —á base de deseño, tempo e oficio— nun valor engadido exclusivo para unha peza de autor, con alma e con historia. “Agora mesmo o luxo son as pezas únicas, o feito á man, o exclusivo, algo que non se poida replicar”.

Frouma é ademais unha alegación a un modo de vida sustentable, ao compromiso ambiental e ás múltiples vidas dos materiais. “Parece que cada vez como sociedade estámonos dando de conta de que a sustentabilidade xa non é unha opción. Agora xa sabemos que, simplificando moito, non fai falta talar unha árbore para facer un moble senón que xa existe unha madeira que xa cumpriu a función para a que foi cortada e agora en vez de tirala dáselle unha segunda vida nun obxecto que poderá estar na túa casa outros cen anos, porque ao final estes mobles son de madeira maciza”, explica.

A maioría dos seus clientes chegan a Frouma a través de estudos de interiorismo e de arquitectura e, polo xeral, son persoas que comparten ese compromiso social e ambiental que identifica a marca, ao tempo que buscan a exclusividade. “Nós non podemos facer grandes producións nin tería sentido tampouco, primeiro polo propio material, porque a materia prima é a que é, e despois porque para min sería totalmente contradictorio. Se estou esperando 30 anos para poder coller esta madeira e traballar con ela, que me poña agora a facer unha produción en serie, mecanizada, automatizada... suporía perder toda a esencia”.



“A la gente que viene lo que más le llama la atención es la transformación del material. Ves la madera así como viene del mar y después de trabajarla ver el cambio es impresionante, porque cuando llega parece que está para tirar y no relacionas ese material que está para tirar con la pieza final”, comenta Fran. Todo el proceso de limpieza se realiza sin que intervenga ningún agente químico y el acabado de las piezas se realiza con aceites naturales que facilitan además el mantenimiento e incluso la renovación del mueble.

De su taller salen muebles utilitarios como mesas, sillas, librerías, cabeceros, percheros, lámparas, etc, y también piezas más de autor como es el caso de *Noray*, un mueble auxiliar que puede ser una mesa o una banqueta pero también una lámpara, ya que tiene incorporado un sistema de iluminación con batería, un elemento que Frouma ofrece en muchas de sus piezas. El nombre y la forma de esta pieza ganadora del Premio Artesanía de Galicia 2023 hacen referencia a los bolardos fijados en los puertos a los que se amarran los barcos, y el hecho de estar elaborado con madera y redes que han pasado tiempo en el mar insiste en el concepto de los oficios vinculados al mar y la apuesta de este artesano por el reciclaje y la sostenibilidad.

**FROUMA ATLANTIC WOOD**  
Ribeira (A Coruña)

info@frouma.com  
frouma.com

Obradoiro artesán / taller artesano  
/ craft workshop nº 11431



**Frouma é ademais unha alegación a un modo de vida sustentable, ao compromiso ambiental e ás múltiples vidas dos materiais**



Además de la madera de batea, Fran Millán incorpora a su diseño otros materiales vinculados a Galicia como las redes de pesca o la pizarra. “Las bateas son muy nuestras, son un icono, y cada vez más estoy introduciendo redes de pesca en los diseños. El de las rederas siempre ha sido un oficio muy poco valorado, como no se ha valorado tampoco el trabajo de la mujer en el mar. Ahora tengo una colección a la que llamo *Mar e Terra* en la que incorporo la pizarra combinada con la madera porque también es un material muy nuestro y va muy en consonancia con Frouma”, comenta.

La sostenibilidad es el principio fundamental de Frouma Atlantic Wood. A través de su proyecto, Fran Millán consigue eliminar el problema de deshacerse de la madera que se cambiaba en las bateas y transformarlo —a base de diseño, tiempo y oficio— en un valor añadido exclusivo para una pieza de autor, con alma y con historia. “Ahora mismo el lujo son las piezas únicas, lo hecho a mano, lo exclusivo, algo que no se pueda replicar”.

**Frouma es además un alegato a un modo de vida sostenible, al compromiso ambiental y a las múltiples vidas de los materiales**

Frouma es además un alegato a un modo de vida sostenible, al compromiso ambiental y a las múltiples vidas de los materiales. “Parece que cada vez como sociedad nos estamos dando cuenta de que la sostenibilidad ya no es una opción. Ahora ya sabemos que, simplificando mucho, no hace falta talar un árbol para hacer un mueble sino que ya existe una madera que ya ha cumplido la función para la que fue cortada y ahora en vez de tirarla se le da una segunda vida en un objeto que podrá estar en tu casa otros cien años, porque al final estos muebles son de madera maciza”, explica.

La mayoría de sus clientes llegan a Frouma a través de estudios de interiorismo y de arquitectura y, por lo general, son personas que comparten ese compromiso social y ambiental que identifica la marca, a la vez que buscan la exclusividad. “Nosotros no podemos hacer grandes producciones ni tendría sentido tampoco, primero por el propio material, porque la materia prima es la que es, y después porque para mí sería totalmente contradictorio. Si estoy esperando 30 años para poder coger esta madera y trabajar con ella, que me ponga ahora a hacer una producción en serie, mecanizada, automatizada... supondría perder toda la esencia”.

In addition to wood, Fran Millán incorporates other materials linked to Galicia into his design, such as fishing nets and slate. “The *batea* is very close to us, it is an icon, and more and more I am introducing fishing nets into the designs. Fishing net-makers have always been a very undervalued profession, just as women’s work at sea has not been valued either. Now I have a collection I call *Mar e Terra* in which I incorporate slate combined with wood because it is also a material that is deeply rooted in us and is very much in keeping with Frouma,” he says.

Sustainability is the fundamental principle of Frouma Atlantic Wood. Through his project, Fran Millán manages to eliminate the problem of disposing of the wood that was being exchanged in the *bateas* structure and transform it — through design, time and skill — into an exclusive added value for a signature piece, with soul and history. “Right now luxury is about unique pieces, handmade, exclusive, something that cannot be replicated.”

**Frouma is also a plea for a sustainable way of life, environmental commitment and the multiple lives of materials**

Frouma is also a plea for a sustainable way of life, environmental commitment and the multiple lives of materials. “It seems that more and more as a society we are realising that sustainability is no longer an option. To put it very simply, we now know that it is not necessary to cut down a tree to make a piece of furniture, but that there is already a piece of wood that has already fulfilled the function for which it was cut and now, instead of throwing it away, it is given a second life in an object that can be in your home for another hundred years, because in the end this furniture is made of solid wood,” he explains.

Most of his clients come to Frouma via interior design and architecture studios and, in general, they are people who share the social and environmental commitment that identifies the brand, while at the same time they seek exclusivity. “We can’t make large productions and it wouldn’t make sense either, firstly because of the material itself, because the raw material is what it is, and secondly because for me it would be totally contradictory. If I’ve been waiting 30 years to be able to take this wood and work with it, for me to start mass production now, with mechanised, automated production... would mean losing all the essence.”

# Raíces Nómadas Atelier. A exquisitez na marroquinería

**“As técnicas tradicionais son fundamentais na creación das nosas pezas e por iso defendémolas e transmitímolos”**

**Ezequiel Franchi Gil, responsable do obradoiro de marroquinería Raíces Nómadas Atelier (Ribadeo) resultou finalista por segundo ano consecutivo do Premio Artesanía de Galicia. Nesta ocasión competía con Nasa, un bolso de man que reinterpreta a través de diferentes técnicas de marroquinería este aparello de pesca tradicional nunha homenaxe ás xentes do mar, á pesca sustentable e á cultura marítima de Galicia. Instalado en Ribadeo dende o ano 2011 xunto coa súa muller Jimena, Ezequiel explica o vínculo deste lugar coa peza que obtivo o recoñecemento do xurado.**

Vivir na Mariña Luguesa, camiñar polas súas costas, é algo que non me canso de contemplar. De beleza agresiva e harmoniosa a un tempo. Nos meus paseos polos portos locais, e dado o meu total descoñecemento daqueles armazóns metálicos amoreados, conversei con algúns mariñeiros que me explicaron con orgullo en que se basea esta técnica tradicional galega da pesca con nasas. Aclaráronme que se trata dunha pesca sustentable e respectuosa co medio ambiente, permitindo o control sobre as especies e tamaños de captura, sen prexudicar o medio e asegurándose a continuidade da fauna mariña.



## Raíces Nómadas Atelier. La exquisitez en la marroquinería

**Ezequiel Franchi Gil, responsable del taller de marroquinería Raíces Nómadas Atelier (Ribadeo) resultó finalista por segundo año consecutivo del Premio Artesanía de Galicia. En esta ocasión competía con Nasa, un bolso de mano que reinterpreta a través de diferentes técnicas de marroquinería este aparejo de pesca tradicional en un homenaje a las gentes del mar, la pesca sostenible y la cultura marítima de Galicia. Instalado en Ribadeo desde el año 2011 junto a su mujer Jimena, Ezequiel explica el vínculo de este lugar con la pieza que obtuvo el reconocimiento del jurado.**

Vivir en la Mariña Lucense, caminar por sus costas, es algo que no me canso de contemplar. De belleza agresiva y armoniosa a la vez. En mis paseos por los puertos locales, y dado mi total desconocimiento de aquellos armazones metálicos amontonados, conversé con algunos marineros que me explicaron con orgullo en qué se basa esta técnica tradicional gallega de la pesca con nasas. Me aclararon que se trata de una pesca sostenible y respetuosa con el medio ambiente, permitiendo el control sobre las especies y tamaños de captura, sin perjudicar el medio y asegurándose la continuidad de la fauna marina.

**“Las técnicas tradicionales son fundamentales en la creación de nuestras piezas y por eso las defendemos y transmitimos”**

Las antiguas nasas estaban elaboradas con madera y mimbre y las fabricaban a mano los cesteros o los propios marineros, por lo que eran 100% sostenibles. La nasa es un objeto bello, útil y biodegradable. Ese fue el punto del que partí para resignificar una de estas nasas empleando mi lenguaje, que es la marroquinería y el trenzado. Elaboré un bolso con 20 trenzas de 12 tiras cada una, con un interior macizo de cuero, que uní después con retejidos bomba de la misma piel de curtido vegetal, de modo que generaban tensión y se creaba una estructura autosustentada. Esas trenzas recordaban a las mallas tejidas y/o anudadas de las nasas, homenajeando la cultura tan viva en Galicia como es la del mar.

**RAÍCES NÓMADAS**  
Ribadeo (Lugo)

raicesnomadasart@gmail.com  
raicesnomadasatelier.com

Obradoiro artesán / taller artesano  
/ craft workshop nº 11304





As antigas nasas estaban elaboradas con madeira e vimbio e fabricábanas á man os cesteiros ou os propios mariñeiros, polo que eran 100% sustentables. A nasa é un obxecto belo, útil e biodegradable. Ese foi o punto do que partín para resignificar unha destas nasas empregando a miña linguaxe, que é a marroquinería e o trezado. Elaborei un bolso con 20 trenzas de 12 tiras cada unha, cun interior macizo de coiro, que unín despois con retectos bomba da mesma pel de curtido vexetal, de xeito que xeraban tensión e creábase unha estrutura autosustentable. Esas trenzas lembraban as mallas tecidas e/ou anoadas das nasas, homenaxeando a cultura tan viva en Galicia como é a do mar.

**No ano 2022, o obradoiro resultou finalista do Premio Artesanía de Galicia co bolso *Crioulo*, baseado na soguería criolla. Que papel desenvolven as técnicas tradicionais en Raíces Nómadas?**

As técnicas tradicionais son fundamentais na creación das nosas pezas e por iso defendémolas e transmitímolos. Son a base do noso traballo. Tamén nos gusta a fusión de tradicións, como implementar a soguería criolla nun bolso, no caso de *Crioulo*. O obxectivo era plasmar a fusión de culturas a través dos materiais e das técnicas empregadas que representasen tanto a cultura gaucha como a marroquinería europea.

#### Que materiais empregas?

Os materiais son uns dos pilares importantes en Raíces Nómadas. Busco e investigo ata dar cos mellores a nivel mundial. Emprego moito tempo en cada peza e sería incoherente non utilizar os mellores materiais. Cada peza, cada detalle e cada puntada está feita á man asegurando unha completa harmonía entre os elementos das pezas, ademais da súa total exclusividade. Estamos especializados en bolsos e complementos pero tamén fago artigos de decoración en pel e obxectos cunha linguaxe máis artística.

Cando alguén nos encarga unha peza facémolo partícipe do proceso creativo. No noso atelier pode escoller a pel, o fío e outros moitos detalles. É un percorrido sensorial súper agradable.

**Estudades Belas Artes en Bos Aires (Arxentina) e tiñades a idea do proxecto dende hai anos pero non é ata que vos establecedes en Ribadeo que conseguídes facer realidade a marca.**

Somos os dous os que iniciamos este proxecto, pero ultimamente son eu o que ten o peso do obradoiro por motivos de conciliación familiar. O atelier está nun espazo que reciclamos na estación de tren de Ribadeo, unha zona moi tranquila e á vez cerca do centro. Está a poucos metros da casa e paso case todo o día alí, eliximos telo preto para conciliar o mellor posible.

## Raíces Nómadas Atelier. Exquisiteness in leatherwork


For the second year running Ezequiel Franchi Gil, the man behind the Raíces Nómadas Atelier leather goods workshop (Ribadeo, Lugo) was named a finalist for the 2023 Artesanía de Galicia Award. This time he competed with *Nasa*, a handbag that revisits the use of traditional fishing tackle through different leatherwork techniques. In the process being a tribute to the people of the sea, sustainable fishing and the maritime culture of Galicia. Settled in Ribadeo since 2011 with his wife Jimena, Ezequiel explains the link between this place and the piece that won the jury's recognition.

**“Traditional techniques are key in the creation of our pieces and that is why we defend them and pass them on”**

Living in the Mariña Lucense, walking along its coastline, is something I can never get tired of contemplating. Its combination of aggressive and harmonious beauty at once. In my walks around the local ports, and given my total ignorance of those stacked metal frames, I talked to some fishermen who proudly explained to me what this traditional Galician technique of fishing with traps is based on. They explained to me that it's a sustainable and environmentally friendly fishing method, allowing control over the species and size of the catch, without harming the environment and ensuring the continuity of the marine fauna.

The old Nasas were made of wood and wicker and were handmade by basket makers or fishermen themselves, so they were 100 percent sustainable. The nasa is a beautiful, useful and biodegradable object. That was the starting point for me to resignify one of these pots using my language, which is leatherwork and braiding. I made a bag with 20 braids of 12 strips each, with a solid leather interior, which I then joined using over-threaded “bomba” knots from the same vegetable-tanned leather, so that they generated tension and created a self-standing structure. These braids were reminiscent of the woven and/or knotted netting of the pots, paying homage to a culture as alive in Galicia as that of the sea.

**In 2022 the workshop was a finalist for the Artesanía de Galicia Award with the *Crioulo* bag, based on Creole rope weaving. What role do traditional techniques play at Raíces Nómadas?**



Traditional techniques are key in the creation of our pieces and that is why we defend them and pass them on. They are the basis of our work. We also enjoy the fusion of traditions, such as implementing Creole rope weaving in a bag as in the case of *Crioulo*. The aim was to capture the fusion of cultures through the materials and techniques used to represent both gaucho culture and European leather goods.

#### What kind of materials do you use?

Materials are a major pillar of Raíces Nómadas. I search and research until I find the best worldwide. I invest a lot of time in each piece and it would be inconsistent not to use the best materials. Each piece, every detail and even each stitch is handmade ensuring complete harmony between the elements of the pieces, as well as their total exclusivity. We specialise in handbags and accessories but I also produce decorative leather pieces and objects with a more artistic language.

When someone commissions a piece from us, we let them take part in the creative process. At our atelier they can choose the leather, the thread and many other details. It's a very pleasant sensory journey.



Foron moitos os anos de búsqueda, de probas e de erros ata dar coa forma de expresión que máis me define. Pouco a pouco e de forma case autodidacta funme formando na marroquinería fina e no trenzado criollo. As nosas tarefas están ben definidas, eu son o responsable do taller e dedícome ao deseño e á elaboración das pezas en coiro. Jimena, ademais de facer macramé, leva as redes sociais, a fotografía e a administración.

Ribadeo é unha localidade turística e moi atractiva, pegada a Asturias, e no verán temos moitos clientes que veñen de vacacións. Vendemos aquí, contamos con tenda online e somos bastante activos nas redes sociais, pero o que mellor funciona é o boca a boca. Pouco a pouco estémonos dando a coñecer no estranxeiro e xa enviamos pezas a UK, Luxemburgo, Alemaña e EEUU.

**Ezequiel é un dos docentes no programa de formación Aprender da tradición. Oficios e técnicas iniciado pola Xunta en 2023 para impulsar a remuda xeracional.**

Os cursos son un punto forte do proxecto. Para min ensinar ten unha dobre función: disfruto moito o ensino e gústame transmitir tamén os valores da artesanía. No taller teño un grupo fixo todos os mércores. Dou clases individuais e tamén recibo alumnos doutras comunidades para clases intensivas dunha semana. Pero o curso de marroquinería enmarcado en *Aprender da tradición* está dirixido a persoas con coñecementos previos, polo que traballaremos nun proxecto máis ambicioso. É unha oportunidade que agradezo moito porque a min teríame encantado ter unha persoa que me ensinara. Levoume moito tempo dar coas técnicas axeitadas para este tipo de marroquinería, así que dou as clases como me tería gustado que mas deran a min.

**Na décima edición do Corazón da Artesanía presentastes unha peza exclusiva, en colaboración coa empresa Piquer Mir.**

En novembro de 2022, Piquer Mir contrátanos para o deseño e a elaboración de bolsos de luxo con asas esculpidas 100% á man en diversos tipos de madeiras (nogueira americana, corazón de ébano, etc.) con incrustacións de pedras e metais preciosos. Piquer Mir é unha empresa familiar que fusiona arte de raíces mediterráneas coa mellor artesanía en coiro e só realizan pezas únicas. Este traballo non o consideramos unha colaboración, é unha marca á parte de Raíces Nómadas que conta exclusivamente con nós para os traballos en pel das súas pezas. A idea é sacar coleccións de catro bolsos exclusivos por ano. O proceso é moi lento porque son auténticas obras de arte, cada asa tarda aproximadamente tres meses en estar terminada e despois en Raíces Nómadas tardamos outros meses en ter o bolso rematado. Sabemos que o que estamos a facer é algo único, que non se fixo antes, e está todo moi pensado, non se deixa nada ao azar. No primeiro contacto que tiveron con nós deixaron claro que querían facer "os mellores bolsos do mundo", así que ante tal premisa o compromiso é enorme.



**En el año 2022, el taller resultó finalista del Premio Artesanía de Galicia con el bolso *Crioulo*, basado en la soguería criolla. ¿Qué papel desempeñan las técnicas tradicionales en Raíces Nómadas?**

Las técnicas tradicionales son fundamentales en la creación de nuestras piezas y por eso las defendemos y transmitimos. Son la base de nuestro trabajo. También nos gusta la fusión de tradiciones, como implementar la soguería criolla en un bolso en el caso de *Crioulo*. El objetivo era plasmar la fusión de culturas a través de los materiales y las técnicas empleadas que representasen tanto a la cultura gaucha como a la marroquinería europea.

**¿Qué materiales utilizas?**

Los materiales son uno de los pilares importantes en Raíces Nómadas. Busco e investigo hasta dar con los mejores a nivel mundial. Empleo mucho tiempo en cada pieza y sería incoherente no utilizar los mejores materiales. Cada pieza, cada detalle y cada puntada está hecha a mano asegurando una completa armonía entre los elementos de las piezas, además de su total exclusividad. Estamos especializados en bolsos y complementos pero también hago artículos de decoración en piel y objetos con un lenguaje más artístico.

Cuando alguien nos encarga una pieza lo hacemos partícipe del proceso creativo. En nuestro atelier puede escoger la piel, el hilo y otros muchos detalles. Es un recorrido sensorial súper agradable.

**Estudiáis Bellas Artes en Buenos Aires (Argentina) y teníais la idea del proyecto desde hace años pero no es hasta que os establecéis en Ribadeo que conseguís hacer realidad la marca.**

Somos los dos los que iniciamos este proyecto, pero últimamente soy yo el que tiene el peso del taller por motivos de conciliación familiar. El atelier está en un espacio que reciclamos en la estación de tren de Ribadeo, una zona muy tranquila y a la vez cerca del centro. Está a pocos metros de la casa y me paso casi todo el día allí, elegimos tenerlo cerca para conciliar lo mejor posible.

Han sido muchos años de búsqueda, de pruebas y errores hasta dar con la forma de expresión que más me define. Poco a poco y de forma casi autodidacta me fui formando en la marroquinería fina y el trenzado criollo. Nuestras tareas están bien definidas, yo soy el responsable del taller y me dedico al diseño y la elaboración de las piezas en cuero. Jimena, además de hacer macramé, lleva las redes sociales, la fotografía y la administración.

Ribadeo es una localidade turística y muy atractiva, pegada a Asturias, y en verano tenemos muchos clientes que vienen de vacaciones. Vendemos aquí, contamos con tienda online y somos bastante activos en redes sociales, pero lo que mejor funciona es el boca a boca. Poco a poco nos estamos dando a conocer en el extranjero y ya hemos enviado piezas a UK, Luxemburgo, Alemania y EEUU.




**You both studied Fine Arts in Buenos Aires (Argentina) and you had the idea of the project for years but it was not until you settled in Ribadeo that you made the brand a reality.**

This project was started by the two of us, but lately I am the one who has the weight of the workshop due to family conciliation. The atelier is in a space that we recycled in the Ribadeo train station. It's an extremely quiet area and at the same time close to the centre. It is just a few metres from home and I spend almost the whole day there, so we chose to have it close by in order to reconcile family life as well as possible.

It's taken many years of searching, trial and error until I found the form of expression that best defines me. Little by little and in an almost self-taught way, I trained myself in fine leatherwork and Creole braiding. I'm in charge of the workshop and I dedicate myself to the design and elaboration of the leather pieces. Jimena, as well as making macramé, takes care of social media, photography and administration.

Ribadeo is a very attractive tourist town, next to Asturias, and in summer we receive a lot of customers who come on holiday. We sell here, we have an online shop and we are quite active on social media, but what works best is word of mouth. We are slowly making ourselves known abroad and we have already sent pieces to the UK, Luxembourg, Germany and the USA.



**“Querían hacer os mellores bolsos do mundo, así que ante tal premisa o compromiso é enorme”**

**“Querían hacer los mejores bolsos del mundo, así que ante tal premisa el compromiso es enorme”**

**Ezequiel es uno de los docentes en el programa de formación *Aprender da tradición. Oficios e técnicas* iniciado por la Xunta en 2023 para impulsar el relevo generacional.**

Los cursos son un punto fuerte del proyecto. Para mí enseñar tiene una doble función: disfruto mucho la enseñanza y me gusta transmitir también los valores de la artesanía. En el taller tengo un grupo fijo todos los miércoles. Doy clases individuales y también recibo alumnos de otras comunidades para clases intensivas de una semana. Pero el curso de marroquinería enmarcado en *Aprender da tradición* está dirigido a personas con conocimientos previos, por lo que trabajaremos en un proyecto más ambicioso. Es una oportunidad que agradezco mucho porque a mí me habría encantado tener a una persona que me enseñase. Me llevó mucho tiempo dar con las técnicas adecuadas para este tipo de marroquinería, así que doy las clases como me habría gustado que me las diesen a mí.

**En la décima edición del Corazón da Artesanía presentasteis una pieza exclusiva, en colaboración con la empresa Piquer Mir.**

En noviembre de 2022, Piquer Mir nos contrata para el diseño y la elaboración de bolsos de lujo con asas esculpidas 100% a mano en diversos tipos de maderas (nogal americano, corazón de ébano, etc.) con incrustaciones de piedras y metales preciosos. Piquer Mir es una empresa familiar que fusiona arte de raíces mediterráneas con la mejor artesanía en cuero y sólo realizan piezas únicas. Este trabajo no lo consideramos una colaboración, es una marca aparte de Raíces Nómadas que cuenta exclusivamente con nosotros para los trabajos en piel de sus piezas. La idea es sacar colecciones de cuatro bolsos exclusivos por año. El proceso es muy lento porque son auténticas obras de arte, cada asa tarda aproximadamente tres meses en estar terminada y después en Raíces Nómadas tardamos otros meses en tener el bolso terminado. Sabemos que lo que estamos haciendo es algo único, que no se ha hecho antes, y está todo muy pensado, no se deja nada al azar. En el primer contacto que tuvieron con nosotros dejaron claro que querían hacer “los mejores bolsos del mundo”, así que ante tal premisa el compromiso es enorme.

**“They wanted to make the best bags in the world, so with such a premise the commitment is enormous”**

**Ezequiel is one of the teachers in the training programme *Aprender da tradición. Oficios e técnicas* (Learning from tradition. Crafts and techniques), launched by the Xunta de Galicia in 2023 to promote generational renewal.**

The courses are a strong point of the project. For me, teaching has a double function: I really enjoy teaching and I also like to pass on the values of craftsmanship. I have a regular group in the workshop every Wednesday. I give individual classes and I also welcome students from other communities for intensive one-week training courses. But the leatherwork course within the framework of *Aprender da tradición* is aimed at people with prior knowledge, so we'll work on a more ambitious project. It's an opportunity that I'm incredibly grateful for because I would have loved to have someone to teach me. It took me a long time to find the right techniques for this type of leatherwork, so I teach the classes as I would have liked to have been taught myself.

**In the 10th edition of Corazón da Artesanía you presented an exclusive piece, in collaboration with the company Piquer Mir.**

In November 2022, Piquer Mir commissioned us to design and make luxury bags with 100 percent hand-sculpted handles in different types of wood (American walnut, ebony heart, etc.) inlaid with precious stones and metals. Piquer Mir is a family business that fuses art with Mediterranean roots and the best leather craftsmanship — they only make unique pieces. We don't consider this work as a collaboration, it's a separate brand from Raíces Nómadas, which relies exclusively on us for the leather work on its pieces. The idea is to produce collections of four exclusive bags annually. The process is pretty slow because they are genuine works of art, each handle takes approximately three months to be finished and then at Raíces Nómadas it takes us another few months to have the bag finished. We know that what we're doing is something unique, that it has not been done before, and everything is very well thought out with nothing left to chance. In the first contact they had with us they made it clear that they wanted to make “the best bags in the world,” so with such a premise the commitment is enormous.



## Logaro.

# A volta da ovella galega

**Lola García Romanelli, do obradoiro Logaro (Ourense) especializado en calceta, resultou finalista do Premio Artesanía de Galicia 2023 por *Orixé*, un xersei deseñado e elaborado con diversas técnicas téxtiles, algunhas en desuso e a maioría vinculadas ao ámbito doméstico, un recoñecemento que Lola agarda que abra unha porta a novos proxectos de calceta e de gancho. *Orixé* está elaborado exclusivamente con fío de la de ovella galega, un material que está a recuperar e comercializar dende o ano 2022 co obxectivo de darlle valor a esta fibra autóctona con grandes posibilidades e tamén ao noso medio rural.**

*Orixé* vai dende o campo ata a final dun premio. Serve para poñer en valor recursos naturais e a súa recuperación, así como estudar técnicas téxtiles que se poderían perder. A la galega pola súa natureza permite traballar estruturas abertas que con outros fíos non se manterían nin terían consistencia, por iso para min resulta fascinante. Creativamente ten o hándicap do salvaxismo, pero é algo que conviviu coas nosas raíces culturais tempo atrás e é un xeito de non perder ese arraigo e de continuar co aproveitamento de recursos que facían os nosos devanceiros. Por outro lado, esta é unha peza atemporal que co paso dos anos vai ir mellorando as súas calidades e dulcificando o seu tacto.

## Logaro. La vuelta de la oveja gallega

**Lola García Romanelli, del taller Logaro (Ourense) especializado en calceta, resultó finalista del Premio Artesanía de Galicia 2023 por *Orixé*, un jersey diseñado y elaborado con diversas técnicas textiles, algunas en desuso y la mayoría vinculadas al ámbito doméstico, un reconocimiento que Lola espera que le abra una puerta a nuevos proyectos de calceta y ganchillo. *Orixé* está elaborado exclusivamente con hilo de lana de oveja gallega, un material que está recuperando y comercializando desde el año 2022 con el objetivo de dar valor a esta fibra autóctona con grandes posibilidades y también a nuestro medio rural.**

*Orixé* va desde el campo hasta la final de un premio. Sirve para poner en valor recursos naturales y su recuperación, así como estudiar técnicas textiles que se podrían perder. La lana gallega por su naturaleza permite trabajar estructuras abiertas que con otros hilos no se mantendrían ni tendrían consistencia, por eso para mí resulta fascinante. Creativamente tiene el hándicap del salvajismo pero es algo que convivió con nuestras raíces culturales tiempo atrás y es un modo de no perder ese arraigo y continuar con el aprovechamiento de recursos que hacían nuestros ancestros. Por otro lado, esta es una pieza atemporal que con el paso de los años irá mejorando sus cualidades y dulcificando su tacto.

## Logaro. The return of the Galician sheep

**Lola García Romanelli, a knitting specialist from the Logaro workshop (Ourense), was named as a finalist for the 2023 Artesanía de Galicia Award. She was shortlisted for her piece *Orixé* — a jumper designed and crafted using various textile techniques. Some of these methods are no longer in use and most are linked to the domestic sphere; a recognition that Lola hopes will open the door to new knitting and crochet projects. *Orixé* is made entirely with wool yarn sheared from Galician sheep. García Romanelli has been bringing wool back and promoting it publicly since 2022 with the aim of giving value to this local fibre with great potential — and also to our rural environment.**

*Orixé* goes from the fields to the final of an award. It serves to value natural resources and their revival, as well as to study textile techniques that could be lost. Galician wool by its nature allows to work open structures that with other yarns would not be maintained or have consistency, so for me it is fascinating. Creatively it has the handicap of wildness but it is something that coexisted with our cultural roots long ago and it is a way of not losing that rootedness and continuing with the use of resources that our ancestors made. At the same time, this is a timeless piece that will improve its qualities and sweeten its feel over the years.



**“Para min recuperar estas técnicas ancestrais e algunha extinta resúltame moi gratificante e ademais achégame moitos recursos para crear pezas con máis riqueza técnica e artística”**



Reaching the final of the Artesanía de Galicia Awards is a big step for me as a weaver. I've always tried to revalue the homemade craftwork that came before. This craft is 'home' for me, I feel it's where I live, and I trust that this recognition will open doors to collaborations, new designs and products.

**Orixe combines different textile techniques. It's this mixture and her way of seeing textiles as a whole in which the techniques are interchangeable that defines much of Logaro's character.**

In *Orixe* there are ancestral techniques such as nailbinding, which translates to 'single needle weaving,' a weaving technique of Viking origin that over the centuries was transferred to our Celtic culture. It's also crocheted with stakes, a technique of which the only antecedent I discovered was through oral transmission of an ancient technique that was done in 'Little Galicia', in northern Extremadura. It's a crochet hook that was used with a set of pegs to make knitted stitches of different sizes to make shawls. Within the piece there's also a reference to our loom-weaving 'gorullo', made with the same technique of crochet with a peg, and fastened to form loops that resemble the felts of the traditional Galician weaving quilts. For me, bringing back these ancestral techniques and some extinct ones is incredibly gratifying. It gives me many resources to create pieces with more technical and artistic richness.

Llegar a una final de los Premios Artesanía de Galicia es un gran paso para mí como tejedora. Siempre he pretendido revalorizar la artesanía que se hacía en el hogar. Este oficio para mí es "casa", lo siento como hogar, y confío en que este reconocimiento me abra puertas a colaboraciones, nuevos diseños y productos.

**Orixe combina diferentes técnicas textiles, una mezcla y un modo de ver el textil como un todo en el que las técnicas son intercambiables que define mucho el carácter de Logaro.**

En *Orixe* hay técnicas ancestrales como el *nailbinding*, que se traduce como "tejido con una sola aguja", un tejido de origen vikingo que con el paso de los siglos se trasladó a nuestra cultura celta. Lleva también ganchillo con tutores, una técnica de la que el único antecedente que descubrí fue por transmisión oral de una técnica antigua que se hacía en la "pequeña Galicia", en el norte de Extremadura. Es un ganchillo que se empleaba con unos tutores para hacer mallas de tejido de diferentes dimensiones para elaborar chales. Y en la pieza también hay un guiño a nuestro gorullo de tejido en telar, hecho con la misma técnica del ganchillo con tutor y sujeta formando unos bucles que se asemejan a las felpas de las colchas del tejido tradicional gallego. Para mí recuperar esas técnicas ancestrales y alguna extinta me resulta muy gratificante y además me aporta muchos recursos para crear piezas con más riqueza técnica y artística.



Chegar a unha final dos Premios Artesanía de Galicia é un gran paso para min como tecedeira. Sempre pretendín revalorizar a artesanía que se facía no fogar. Este oficio para min é “casa”, síntoo como fogar, e confío en que este recoñecemento me abra portas a colaboracións, novos deseños e produtos.

**Orixe combina diferentes técnicas téxtiles, unha mestura e un xeito de ver o téxtil como un todo no que as técnicas son intercambiáveis que define moito o carácter de Logaro.**

En Orixe hai técnicas ancestrais coma o *nailbinding*, que se traduce como “tecido cunha soa agulla”, un tecido de orixe viquinga que co paso dos séculos se trasladou á nosa cultura celta. Leva tamén gancho con titores, unha técnica da que o único antecedente que descubrín foi por transmisión oral dunha técnica antiga que se facía na “pequena Galicia”, no norte de Estremadura. É un gancho que se empregaba cuns titores para facer mallas de tecido de diferentes dimensións para elaborar chales. E na peza hai tamén unha chiscadela ao noso gorullo de tecido no tear, feito con esa mesma técnica do gancho con titor e suxeita formando uns bucles que se asemellan ás felpas das colchas do tecido tradicional galego. Para min recuperar estas técnicas ancestrais e algunha extinta resúltame moi gratificante e ademais achégame moitos recursos para crear pezas con máis riqueza técnica e artística.



**Como xurde o proxecto de recuperación e de posta en valor desta fibra autóctona?**

Tras moitos anos participando na Fía da la, que organizaba Bea Carbón, xurde a amizade e comezamos a poñer enriba da mesa as problemáticas sobre este material. Hai tres anos, a raíz dun encontro online chamado “El mundo teje”, creamos o Paseo da la en Cabanas, un evento no que se amosan e se comercializan diferentes fibras elaboradas en España (la, mohair ou alpaca), hai debates e mostras de diferentes deseñadores.

O proxecto está indo lento de momento por falta de recursos económicos, o Premio Artesanía de Galicia tería sido un bo impulso para o proxecto, pero seguimos traballando para buscar recursos que nos permitan seguir procesándoa. Contamos con tres puntos de venda en Galicia, temos aínda nobelos da segunda anada e agardamos despois procesar outro rabaño. Os maiores consumidores son os turistas que demandan unha la autóctona, son persoas que aman o local, que consumen responsablemente e militan por non perder un recurso natural como é a la de ovella galega.

**Que características ten a la galega e por que estaba tan desvalorizada?**

A la galega denominouse salvaxe porque non hai cantidade suficiente para facer un procesado axeitado.

**¿Cómo surge el proyecto de recuperación y puesta en valor de esta fibra autóctona?**

Tras muchos años participando en la Fía da la, que organizaba Bea Carbón, surge la amistad y comenzamos a poner encima de la mesa las problemáticas sobre este material. Hace tres años, a raíz de un encuentro online llamado “El mundo teje”, creamos el Paseo de la lana en Cabanas, un evento en el que se muestran y se comercializan diferentes fibras elaboradas en España (lana, mohair o alpaca), hay debates y muestras de diferentes diseñadores.

El proyecto va lento de momento por falta de recursos económicos, el Premio Artesanía de Galicia habría sido un buen impulso para el proyecto, pero seguimos trabajando para buscar recursos que nos permitan seguir procesándola. Contamos con tres puntos de venta en Galicia, tenemos todavía ovillos de la segunda añada y esperamos después procesar otro rebaño. Los mayores consumidores son los turistas que demandan una lana autóctona, son personas que aman lo local, que consumen responsablemente y militan por no perder un recurso natural como es la lana de oveja gallega.

**“Para mí recuperar esas técnicas ancestrales y alguna extinta me resulta muy gratificante y además me aporta muchos recursos para crear piezas con más riqueza técnica y artística”**

**¿Qué características tiene la lana gallega y por qué estaba tan desvalorizada?**

La lana gallega se denominó salvaje porque no hay cantidad suficiente para hacer un procesado apropiado. La base de nuestro hilo es un procesado por carda y conseguiríamos una lana de mejor calidad si el tratamiento fuese peinado porque eliminaríamos mucho pelo largo característico de la oveja gallega y que hace que sea una lana rústica. Pero para peinar se necesitan grandes cantidades de lana que no podemos soportar.

Es necesario también un trabajo de campo, que reclamamos a través de las asociaciones de ganaderos para que se pueda hacer una selección de calidad de las fibras para que esta lana mejore en suavidad, lo que permitiría llegar a otro tipo de clientes.

**La formación es un pilar fundamental de tu proyecto, especialmente desde que en 2023 cerraste la tienda para centrarte más en el diseño y la divulgación de tu oficio.**

**How did the project to recover and enhance the value of this local fibre come about?**

After many years of participating in the Fía da la, organised by Bea Carbón, a friendship was born and we began to discuss the problems related to this material. Three years ago, as a result of an online meeting called ‘El mundo teje’ (The world weaves), we created the Paseo de la Lana in Cabanas event. Different fibres made in Spain (wool, mohair or alpaca) are shown and sold there, along with hosting debates and samples from different designers.

The project is going slowly at the moment due to a lack of financial resources. The Artesanía de Galicia Award would have been a good boost for the project, but we are still working to find resources that will allow us to continue processing it. We have three points of sale in Galicia, we still have some yarn skeins from the second batch and we hope to process another batch later on. The biggest consumers are tourists who want local wool, they are people who love what is local, who consume responsibly and are fighting to avoid losing a natural resource such as Galician sheep's wool.

**“For me, bringing back these ancestral techniques and some extinct ones is incredibly gratifying. It gives me many resources to create pieces with more technical and artistic richness”**

**What are the characteristics of Galician wool and why was it so undervalued?**

Galician wool was called ‘wild wool’ because there’s not enough of it to process it properly. The basis of our yarn is a carding process. We’d get better quality wool if the treatment was combed because we would eliminate a lot of long hair characteristic of Galician sheep which makes it a rustic wool. But combing requires large quantities of wool that we can’t bear.

Field work is also necessary, which we arrange through the breeders’ associations so that a quality selection of fibres can be made to improve the softness of this wool. This which would allow us to reach other types of customers.

**Training is a fundamental element of your project, especially since you closed the shop in 2023 to focus more on design and the dissemination of your craft.**



A base do noso fío é un procesado por carda e conseguiríamos unha la de mellor calidade se o tratamento fose peiteado porque eliminaríamos moito pelo longo característico da ovella galega e que fai que sexa unha la rústica. Pero para peitear precísanse grandes cantidades de la que non podemos soportar.

É necesario tamén un traballo de campo, que reclamamos a través das asociacións de gandeiros para que se poida facer unha selección de calidade das fibras para que esta la mellore en suavidade, o que permitiría chegar a outro tipo de clientes.

**A formación é un pilar fundamental do teu proxecto, especialmente dende que en 2023 pechaches a tenda para centrarte máis no deseño e na divulgación do teu oficio.**


I'm not a traditional basket maker. Basketmakers learn a trade, they know how to make a large number of pieces and repeat them by the hundreds. I don't do any of that. I try to know how the different traditional pieces are made. I produce a testimonial number to record them, but then I make my own creations, pieces with my own signature, most of them intended to be decorative or to be sold in an art gallery. I create new things based on the traditional while at the same time I want to preserve the old techniques. I notice that I am called a basket maker but I believe that a basket maker is something else. In any case I will be a basket maker with many nuances.





## RIR&CO. Diseño Textil. Premio Produto nos Premios Nacionais de Artesanía 2023

Na última edición dos Premios Nacionais de Artesanía, o obradoiro de Inés Rodríguez, RIR & CO Diseño Textil (Allariz), viu recoñecida unha das súas pezas co Premio Produto: a manta D-leite, elaborada con fibra de proteína láctea, un material absorbente, antibacteriano, hipoaerxénico e biodegradable, que favorece a creación dun vínculo sensorial entre a nai e o bebé. Despois de crear o prototipo no ano 2019, obtén o seu primeiro recoñecemento en 2021 ao gañar o I Certame de Materiais Innovadores de Galicia, convocado pola GAIN, na categoría Artesanal e participa nas exposicións Galicia Futura e mais no proxecto transfronteirizo Circular Labs, impulsado pola Escuela de Organización Industrial (EOI). Esta peza foi seleccionada tamén como exemplo de boas

prácticas, sustentables e saudables como produto no concurso “New European Bauhaus”.

D-leite nace da busca de novas fibras innovadoras e sustentables para facer unha artesanía de vangarda. Cando tiven nas mans a fibra de proteína láctea, o seu arrecendo recordoume os meus anos de lactación materna e pensei que o produto máis axeitado para traballar este material era unha manta de bebé. Ademais quería un deseño atemporal que se herdara dun fillo a outro e que recordara as mantas antigas, por iso o bordado en festón no remate con cores tinguidas de xeito natural. A sustentabilidade era unha premisa fundamental no deseño da manta de bebé, era unha mensaxe tamén para as futuras xeracións.

## RIR&CO Diseño Textil. Premio Produto en los Premios Nacionales de Artesanía 2023

En la última edición de los Premios Nacionales de Artesanía, el taller de Inés Rodríguez, RIR&CO Diseño Textil (Allariz), vio reconocida una de sus piezas con el Premio Produto: la manta D-leite, elaborada con fibra de proteína láctea, un material absorbente, antibacteriano, hipoaerxénico y biodegradable, que favorece la creación de un vínculo sensorial entre la madre y el bebé. Después de crear el prototipo en el año 2019, obtiene su primer reconocimiento en 2021 al ganar el I Certamen de Materiales Innovadores de Galicia, convocado por la GAIN, en la categoría Artesanal y participa en las exposiciones Galicia Futura y en el proyecto transfronterizo Circular Labs, impulsado por la Escuela de Organización Industrial (EOI). Esta pieza fue seleccionada también como ejemplo de buenas prácticas, sostenibles y saludables como producto en el concurso “New European Bauhaus”.



## RIR&CO Diseño Textil. Product Award at the National Crafts Awards 2023

The Product Award at the latest edition of the National Crafts Awards was won by Inés Rodríguez's workshop, RIR&CO Diseño Textil located in Allariz-Ourense. The winning piece was the D-leite blanket, which is made from milk protein fibre — an absorbent, antibacterial, hypoallergenic and biodegradable material that helps to create a sensory bond between mother and baby. After first creating a prototype in 2019, the D-leite blanket received its first recognition in 2021, winning the Handmade category at the 1<sup>st</sup> Galician Innovative Materials Competition, organised by the GAIN (Galician Innovation Agency). RIR&CO Diseño Textil also entered the piece at the Galicia Futura exhibition and in the cross-border Circular Labs project, promoted by the School of Industrial Organisation (known as the EOI, by its Spanish acronym). This piece was also selected as an example of good, sustainable and healthy practices as a product in the ‘New European Bauhaus’ competition.

“Me interesaba mezclar las técnicas artesanales del tejido con nuevas fibras y hacer productos más contemporáneos”

“My interest was to mix artisanal weaving techniques with new fibres and make more contemporary products”



## “Interesábame mesturar as técnicas artesanais do tecido con novas fibras e facer produtos máis contemporáneos”

Interesábame mesturar as técnicas artesanais do tecido con novas fibras e facer produtos máis contemporáneos e tamén amosarlle á industria as posibilidades de traballo da artesanía en referencia aos novos materiais e á protección de materiais tradicionais como a la e o seu aproveitamento. En concreto, amosarlle á industria láctea galega que había outros xeitos de aproveitar os refugallo do leite, facendo un produto viable e vendible. Os coñecementos artesanais poden combinarse con outras disciplinas, como a tecnoloxía, a ciencia, o deseño para acadar novos produtos ou procesos. Deste xeito tamén se amosa a artesanía cunha perspectiva máis ampla de traballo e futuro para o noso sector.

### Que beneficios lle incorpora este material ao produto?

A da proteína láctea é unha fibra sintética. Fabricase de xeito artificial mesturando substancias coma a caseína que se extrae do leite que non é apta para o consumo humano e outras substancias naturais como as ceras. No mercado hai diferentes fibras que incluso se mesturan con ela ( algodón, la...) pero eu buscaba que fose un proceso coa maior porcentaxe de caseína e biodegradable. Deste xeito é beneficiosa para a natureza e tamén para as persoas porque coida a pel, é hipoalérxica, e o seu cheiro pode producir un efecto calmante nos pequenos polo seu recordo dos momentos felices da lactación.

Emprego a meriña da transhumancia de Castela e Extremadura, apoiando a comunidades de mulleres rurais, así incorporo un material nobre cunhas características tamén excepcionais. A la regula a temperatura e permite a transpiración da pel co que os dous materiais xuntos fan que a nosa manta de bebé preserve as tradicións téxtiles e contribúa á recuperación de materiais bos para o medio ambiente. Levo anos investigando estes materiais como posibilidade de futuro para a artesanía téxtil e mesmo para a industria e tamén poñendo en valor a la no noso territorio coma unha proposta para os gandeiros no medio rural.



D-leite nace de la búsqueda de nuevas fibras innovadoras y sostenibles para hacer una artesanía de vanguardia. Cuando tuve en las manos la fibra de proteína láctea, su aroma me recordó a mis años de lactancia materna y pensé que el producto más adecuado para trabajar este material era una manta de bebé. Además quería un diseño atemporal que se heredara de un hijo a otro y que recordara a las mantas antiguas, por eso el bordado en festón en el remate con colores teñidos de forma natural. La sostenibilidad era una premisa fundamental en el diseño de la manta de bebé, era un mensaje también para las futuras generaciones.

Me interesaba mezclar las técnicas artesanales del tejido con nuevas fibras y hacer productos más contemporáneos y también mostrar a la industria las posibilidades de trabajo de la artesanía en referencia a los nuevos materiales y a la protección de materiales tradicionales como la lana y su aprovechamiento. En concreto, mostrar a la industria láctea gallega que había otros modos de aprovechar los residuos de la leche, haciendo un producto viable y vendible. Los conocimientos artesanos pueden combinarse con otras disciplinas, como la tecnología, la ciencia, el diseño para alcanzar nuevos productos o procesos. De este modo también se muestra la artesanía con una perspectiva más amplia de trabajo y futuro para nuestro sector.

D-leite came out of the search for new, innovative and sustainable fibres to make avant-garde crafts. Once I got my hands on the milk protein fibre, its aroma reminded me of my breastfeeding years and I thought that the most suitable product to work with this material was a baby blanket. I also aimed for a timeless design that would be passed down from one child to the next and would be reminiscent of old blankets, hence the scalloped embroidery at the top with naturally dyed colours. Sustainability was a fundamental consideration in the design of the baby blanket; it was also a message for future generations.

My interest was to mix artisanal weaving techniques with new fibres and make more contemporary products and show the industry the possibilities of working with new materials and the protection of traditional materials like wool. Specifically, to show the Galician dairy industry that there were other ways to make use of milk waste, turning it into a viable and saleable product. Craft knowledge can be combined with other disciplines, such as technology, science and design to create new products or processes. Thus, craftsmanship is also shown with a broader perspective of work and future for our sector.

**O teu tecido *Vagalume* elaborado con fibra óptica está recollido tamén na Materioteca de Galicia. Estás a abrir aquí unha liña de traballo con materiais innovadores?**

Co tecido de fibra óptica creei o deseño *Vagalume* e tamén as lámpadas *Ardora*, que levei a Maison&Objet (París). É unha aposta polos novos tecidos artesanais máis contemporáneos que mesturan materiais innovadores con técnicas artesanais de tecido en tear. A fibra de proteína láctea abriu varias liñas de traballo: por un lado a produción no taller de deseños téxtiles artesanais feitos con materiais innovadores, e agardo que neste 2024 poida ampliar a colección *D-leite* para adultas e outros sectores; e por outro a investigación en materiais en colaboración con outras entidades, universidades, laboratorios ou empresas. Espero tamén poder facer algún deseño novo cos materiais investigados en 2023 grazas á Bolsa REGA de Deseño que me concedeu a Cidade da Cultura e seguir facendo desta investigación un sinal de identidade do meu estudio téxtil.

O meu obxectivo é traballar na innovación dende a artesanía e o coñecemento profundo que os artesáns temos dos materiais e dos procesos, unha idea na que penso que fun pioneira dentro da artesanía contemporánea e galega e que levo anos defendendo. Gustaríame que o meu traballo no taller fose recoñecido pola miña aposta pola artesanía máis innovadora para proxectos de impacto positivo, social e medioambiental.

**Unha liña de traballo que vén avalada por numerosos recoñecementos entre os que se atopa o Premio Produto nos Premios Nacionais de Artesanía.**

O premio supuxo unha ilusión moi grande a nivel persoal e un aval ao meu traballo en referencia ao deseño de produto. Segundo indica o xurado no seu fallo, aposto pola artesanía máis innovadora e contemporánea, cunha proposta de calidade e sustentable para o futuro que ten na tradición as súas raíces. Para o meu traballo supón un respaldo e unha visibilidade moi ampla e unha consolidación despois de anos de traballo na procura da unión da artesanía tradicional co deseño e cos materiais máis innovadores. Ao gañar o Premio sentín que o traballo de moitas mulleres tecedeiras do rural, que fixeron tecidos nos que baseo o meu traballo, estaban a gañar comigo. Foi especialmente emocionante. Tamén porque esta manta de bebé é un produto que pon énfase na necesidade do tempo para os coidados, no coidado da natureza cos materiais que empregamos, na compra responsable da artesanía coidando a nosa cultura e no coidado das crianzas e das persoas para ter recordos positivos que nos fagan crecer dun xeito feliz.



**“O premio supuxo unha ilusión moi grande a nivel persoal e un aval ao meu traballo en referencia ao deseño de produto”**

**RIR&CO DISEÑO TEXTIL**  
Allariz (Ourense)

ines@rirandco.com  
**rirandco.com**

Obradoiro artesán / taller artesano  
/ craft workshop n° 819

**¿Qué beneficios incorpora este material al producto?**

La de la proteína láctea es una fibra sintética. Se fabrica de modo artificial mezclando sustancias como la caseína que se extrae de la leche que no es apta para el consumo humano y otras sustancias naturales como las ceras. En el mercado hay diferentes fibras que incluso se mezclan con ella (algodón, lana...), pero yo buscaba que fuese un proceso con el mayor porcentaje de caseína y biodegradable. De este modo es beneficiosa para la naturaleza y también para las personas porque cuida la piel, es hipoalergénica, y su olor puede producir un efecto calmante en los niños por su recuerdo de los momentos felices de la lactancia.

Empleo lana merina de la trashumancia de Castilla y Extremadura, apoyando a comunidades de mujeres rurales, así incorporo un material noble con unas características también excepcionales. La lana regula la temperatura y permite la transpiración de la piel con lo que los dos materiales juntos hacen que nuestra manta de bebé preserve las tradiciones textiles y contribuya a la recuperación de materiales buenos para el medio ambiente. Llevo años investigando estos materiales como posibilidad de futuro para la artesanía textil e incluso para la industria y también poniendo en valor la lana en nuestro territorio como una propuesta para los ganaderos en el medio rural.

**What benefits does this material bring to the product?**


Milk protein is a synthetic fibre. It is artificially manufactured by mixing casein, which is extracted from milk and is not suitable for human consumption, with other natural substances such as waxes. There are different fibres on the market that are even mixed with it (cotton, wool, etc.) but I was looking for a biodegradable process with the highest percentage of casein. This way makes it beneficial for nature and also for people because it cares for the skin, is hypoallergenic, and its scent can have a calming effect on children because it brings back memories of the happy moments of breastfeeding.

I use merino wool from transhumance, the seasonal movement of sheep, from Castile and Extremadura, giving support to rural women's communities, and incorporating a noble material with exceptional characteristics. Thanks to the wool, which regulates temperature and allows the skin to breathe, the two materials together make our baby blanket preserve textile traditions and contribute to the recovery of materials that are good for the environment. I have spent years researching these materials as a future possibility for textile craftsmanship and even for industry, and also by giving value to wool in our territory as a proposal for livestock farmers in rural areas.



**“El premio supuso una ilusión muy grande a nivel personal y un aval a mi trabajo en referencia al diseño de producto”**

**“The award was a great personal thrill and an endorsement of my work in product design”**



**Tu tejido *Vagalume* elaborado con fibra óptica está recogido también en la Materioteca de Galicia. ¿Estás abriendo aquí una línea de trabajo con materiales innovadores?**

Con el tejido de fibra óptica creé el diseño *Vagalume* y también las lámparas *Ardora*, que llevé a Maison&Objet (París). Es una apuesta por los nuevos tejidos artesanales más contemporáneos que mezclan materiales innovadores con técnicas artesanales de tejido en telar. La fibra de proteína láctea abre varias líneas de trabajo: por un lado la producción en el taller de diseños textiles artesanales hechos con materiales innovadores, y espero que en este 2024 pueda ampliar la colección *D-leite* para adultas y otros sectores; y por otro la investigación en materiales en colaboración con otras entidades, universidades, laboratorios o empresas. Espero también poder hacer algún diseño nuevo con los materiales investigados en 2023 gracias a la Beca REGA de Diseño que me concedió la Cidade da Cultura y seguir haciendo de esta investigación una seña de identidad de mi estudio textil.

Mi objetivo es trabajar en la innovación desde la artesanía y el conocimiento profundo que los artesanos tenemos de los materiales y los procesos, una idea en la que pienso que he sido pionera dentro de la artesanía contemporánea y gallega y que llevo años defendiendo. Me gustaría que mi trabajo en el taller fuese reconocido por mi apuesta por la artesanía más innovadora para proyectos de impacto positivo, social y medioambiental.

**Una línea de trabajo que ha sido avalada por numerosos reconocimientos entre los que se encuentra el Premio Producto en los Premios Nacionales de Artesanía.**

El premio supuso una ilusión muy grande a nivel personal y un aval a mi trabajo en referencia al diseño de producto. Según indica el jurado en su fallo, apuesto por la artesanía más innovadora y contemporánea, con una propuesta de calidad y sostenible para el futuro que tiene en la tradición sus raíces. Para mi trabajo supone un respaldo y una visibilidad muy amplia y una consolidación después de años de trabajo en la búsqueda de la unión de la artesanía tradicional con el diseño y los materiales más innovadores. Al ganar el Premio sentí que el trabajo de muchas mujeres tejedoras del rural, que hicieron tejidos en los que baso mi trabajo, ganaba conmigo. Fue especialmente emocionante. También porque esta manta de bebé es un producto que pone énfasis en la necesidad del tiempo para los cuidados, en el cuidado de la naturaleza con los materiales que empleamos, en la compra responsable de la artesanía cuidando nuestra cultura y en el cuidado de las crianzas y las personas para tener recuerdos positivos que nos hagan crecer de un modo feliz.

**Your *Vagalume* fabric made with fibre optics is also included in the Materioteca de Galicia. Are you opening a line of work with innovative materials here?**

I created the *Vagalume* design with fibre optic fabric and also the *Ardora* lamps, which I took to Maison&Objet (Paris). It is a commitment to new, more contemporary handmade fabrics that mix innovative materials with artisanal loom weaving techniques. The milk protein fibre opens up several lines of work. First, the production of handmade textile designs made with innovative materials in the workshop. I hope that in 2024 I can expand the *D-leite* collection for adults and other sectors; and also, research into materials in partnership with other entities, universities, laboratories and companies. I am also hoping to be able to make some new designs with the materials researched in 2023 thanks to the REGA Design Grant awarded to me by the Cidade da Cultura and to continue making this research a hallmark of my textile studio.

My aim is to work on innovation based on craftsmanship and the deep knowledge that we artisans have of materials and processes, an approach in which I think I have been a pioneer in contemporary and Galician craftsmanship and which I have been defending for years. I would like my work in the workshop to be recognised for my commitment to the most innovative craftsmanship for projects with a positive social and environmental impact.

**This line of work has been endorsed by numerous awards, including the Product Award at the National Crafts Awards.**

The award was a great personal thrill and an endorsement of my work in product design. As the jury stated in its decision, I am committed to the most innovative and contemporary craftsmanship, with a sustainable quality proposal for the future that has its roots in tradition. It means an endorsement and a very wide visibility for my work and a consolidation after years of work in the search for the union of traditional craftsmanship with the most innovative design and materials. I felt that by receiving the Award, the work of many rural women weavers, who made the weavings on which I base my work, were also recognized. It was especially exciting. Also because this baby blanket is a product that emphasises the need for time for care: the care of nature with the materials we use, the responsible purchase of handicrafts while caring for our culture and the care of nurture and people in order to have positive memories that make us grow up in a happy way.



# Barreiros Artesanía. A porcelana da Ribeira Sacra



**“Levounos anos chegar ata aquí porque este é un oficio moi empírico e hai que aprender a base de probas e erros”**

**Miguel Ángel Monzoncillo Barreiros e Raquel Fernández Pinal son os ceramistas detrás da marca Barreiros Artesanía, unha empresa familiar iniciada nos anos 80 polos pais de Miguel Ángel no corazón da Ribeira Sacra. O seu proxecto está centrado na creación de pezas de porcelana de redución, sustentable e elaborada de principio a fin no seu taller de Nogueira de Ramuín. As súas premisas son elaborar porcelana de altísima calidade, buscar o desperdicio cero e controlar o proceso completo, dende a composición exacta da barbotina ata o deseño da embalaxe na que se comercializa a peza final.**

## Barreiros Artesanía. La porcelana de la Ribeira Sacra

Miguel Ángel Monzoncillo Barreiros y Raquel Fernández Pinal son los ceramistas detrás de la marca Barreiros Artesanía, una empresa familiar iniciada en los años 80 por los padres de Miguel Ángel en el corazón de la Ribeira Sacra. Su proyecto está centrado en la creación de piezas de porcelana de reducción, sostenible y elaborada de principio a fin en su taller de Nogueira de Ramuín. Sus premisas son elaborar porcelana de altísima calidad, buscar el desperdicio cero y controlar el proceso completo, desde la composición exacta de la barbotina hasta el diseño del embalaje en el que se comercializa la pieza final.

## Barreiros Artesanía. The porcelain of the Ribeira Sacra

Miguel Ángel Monzoncillo Barreiros and Raquel Fernández Pinal are the ceramists behind the Barreiros Artesanía brand. This family business was founded in the 1980s by Miguel Ángel's parents in the heart of the Ribeira Sacra region. Their project focuses on the creation of reduction firing porcelain pieces, sustainable and made from start to finish in their workshop in Nogueira de Ramuín. They are committed to producing porcelain of the finest quality, seeking zero waste and controlling the entire process, from the exact composition of the slip to the design of the packaging in which the final piece is marketed.



María Teresa Barreiros e Ángel Monzoncillo instálanse en Nogueira Ramuín no ano 1978 e fundan Barreiros Artesanía como un taller de decoración de porcelana, que despois se convertería no taller de cerámica que é hoxe en día. “Eramos debuxantes e vimos a posibilidade de dedicarnos a decorar pezas de porcelana en branco que mercabamos en diferentes fábricas que había en Galicia. Pintábamos á man con cores vitrocerámicas, fileteado en ouro, en prata, etc., e despois pasamos á serigrafía. Víamos a porcelana como un lenzo en branco”, comentan.

A mediados dos anos 90 coa chegada da importación china e os peches das fábricas motivados tamén pola deslocalización da produción, decidiron reinventarse e darlle unha volta ao seu concepto empresarial. Xa co seu fillo Miguel Ángel no taller, tomaron a decisión de facer eles mesmos o proceso completo, de deseñar e elaborar a súa propia porcelana e que a peza final fose un produto 100% galego, elaborado na Ribeira Sacra. “Gústanos recalcar sempre que nós somos ceramistas dende a base. Facemos as nosas propias pastas, os nosos propios esmaltes e traballamos cos nosos deseños e os nosos moldes. Levounos anos chegar ata aquí porque este é un oficio moi empírico e hai que aprender a base de probas e erros”, explica Miguel Ángel.

Nese momento comeza para eles un longo e esixente proceso de formación autodidacta no taller, guiados por bibliografía especializada e no que xa se incorpora tamén Raquel, enxeñeira informática que é responsable de implementar as novas tecnoloxías no taller. “Somos moi perfeccionistas, investimos moito tempo en crear un produto excepcional, que as pezas foran útiles, de deseño, ben presentadas... Para conseguir o esmalte que buscábamos nunca estabamos conformes tampouco. Agora vemos que quizais somos demasiado esixentes porque na artesanía non se pode buscar a peza perfecta, iso é precisamente o que a diferenza da peza industrial, é un valor”.

## **BARREIROS ARTESANÍA**

Nogueira de Ramuín (Ourense)

mail@artesaniabarreiros.es  
artesaniabarreiros.es

Obradoiro artesán / taller artesano  
/ craft workshop nº 552

Estes ceramistas non dubidan en falar das vantaxes da porcelana. De excepcional resistencia e impermeabilización debido á súa cocción de alta temperatura, considéranla o mellor material para a alimentación. Na actualidade contan con tres liñas de traballo diferentes —utilitaria, iluminación e xoiería— todas elaboradas en auténtica porcelana de redución, co seu propio esmalte. A redución é un proceso que se consegue ao cocer as pezas nun forno de gas a 1.400 graos nunha atmosfera na que se elimina todo o osíxeno e coa que se consegue branquear a porcelana ata darlle a súa cor característica, reducir o seu tamaño nun 15% e crear unha peza máis resistente e completamente vitrificada. “A porcelana non ten porosidade, sempre foi e será o mellor contedor para a alimentación porque non lle ataca ningún ácido, o esmalte nunca vai interactuar co alimento nin achegarlle ningún metal pesado nin nada prexudicial”.

Os esmaltes cos que decoran as pezas tamén están elaborados por eles. O máis habitual é o cobalto, co que conseguen esa cor azul que caracteriza as súas pezas, e están a incorporar outro esmalte *Bosque misterioso*, en verdes e marróns. “A cor, tal e como a entendemos, por riba de 1.200 graos non existe. A porcelana sempre estivo vinculada ao azul porque o cobalto é o único pigmento capaz de darlle unha estabilidade de cor. É inerte ás atmosferas reductoras e oxidantes”.

Dende hai máis de dez anos, Barreiros Artesanía conta con outras liñas de produto que poñen de manifesto as calidades da porcelana para usos menos habituais. “Buscamos unha iluminación máis próxima, vinculada ao efecto do lume. Queríamos fuxir desa iluminación cenital máis fría e impersonal e crear ambientes máis cálidos, máis íntimos e relaxantes, máis de estar na casa. Consegui que cando chegues á túa casa e acendas as pezas se cree unha sensación de benestar e de protección que non tes fóra”, explica Miguel Ángel.

María Teresa Barreiros y Ángel Monzoncillo se instalan en Nogueira Ramuín en el año 1978 y fundan Barreiros Artesanía como un taller de decoración de porcelana, que después se convertiría en el taller de cerámica que es hoy en día. “Éramos dibujantes y vimos la posibilidad de dedicarnos a decorar piezas de porcelana en blanco que comprábamos en diferentes fábricas que había en Galicia. Pintábamos a mano con colores vitrocerámicos, fileteado en oro, en plata, etc., y después pasamos a la serigrafía. Veíamos la porcelana como un lienzo en blanco”, comentan.

A mediados de los años 90 con la llegada de la importación china y los cierres de las fábricas motivados también por la deslocalización de la producción, decidieron reinventarse y dar un giro a su concepto empresarial. Ya con su hijo Miguel Ángel en el taller, tomaron la decisión de hacer ellos mismos el proceso completo, de diseñar y elaborar su propia porcelana y que la pieza final fuese un producto 100% gallego, elaborado en la Ribeira Sacra. “Nos gusta recalcar siempre que nosotros somos ceramistas desde la base. Hacemos nuestras propias pastas, nuestros propios esmaltes y trabajamos con nuestros diseños y nuestros moldes. Nos ha llevado años llegar hasta aquí porque este es un oficio muy empírico y hay que aprender a base de pruebas y errores”, explica Miguel Ángel.

En ese momento comienza para ellos un largo y exigente proceso de formación autodidacta en el taller, guiados por bibliografía especializada y en el que ya se incorpora también Raquel, ingeniera informática que es responsable de implementar las nuevas tecnologías en el taller. “Somos muy perfeccionistas, invertimos mucho tiempo en crear un producto excepcional, que las piezas fuesen útiles, de diseño, bien presentadas... Para conseguir el esmalte que buscábamos nunca estábamos conformes tampoco. Ahora vemos que quizás somos demasiado exigentes porque en la artesanía no se puede buscar la pieza perfecta, eso es precisamente lo que la diferencia de la pieza industrial, es un valor”.

María Teresa Barreiros and Ángel Monzoncillo settled in Nogueira de Ramuín (Ourense) in 1978 and founded Barreiros Artesanía as a porcelain decoration workshop, which would later become the ceramics workshop it is today. “We were both drawing artists and we saw the possibility of dedicating ourselves to the decoration of blank porcelain pieces that we bought from different factories in Galicia,” they said. “We then hand-painted with vitroceraamic colours, gold and silver filleting, etc., and then we moved on to silk-screen printing. We saw porcelain as a blank canvas,” they explained.

In the mid 1990s, with the arrival of Chinese imports and factory closures also motivated by the relocation of production, they decided to take a fresh look at their business concept and give it a new twist. With their son Miguel Ángel in the workshop, they decided to carry out the entire process themselves, from designing and making their own porcelain, so that the final piece would be a 100-percent Galician product, made in the Ribeira Sacra. “We always like to emphasise that we are ceramists from the ground up,” Miguel Ángel said. “We make our own pastes, our own glazes and we work with our own designs and moulds. It has taken us years to get here because this is a very empirical trade and you have to learn by trial and error.”

This is the beginning of a long and demanding process of training for them in the workshop, guided by specialised bibliography and in which they are joined by Raquel, a computer engineer who is responsible for implementing new technologies in the workshop. “We’re very much perfectionists. We invest a lot of time into creating an exceptional product, so that the pieces are useful, design-smart, well displayed... Our aim was to achieve the enamel we were looking for, but we were never satisfied. Now we see that perhaps we are too demanding because in craftsmanship you cannot look for the perfect piece, its uniqueness is a value that’s precisely what differentiates it from industrial pieces.”

**“Nos ha llevado años llegar hasta aquí porque este es un oficio muy empírico y hay que aprender a base de pruebas y errores”**

**“It has taken us years to get here because this is a very empirical trade and you have to learn by trial and error”**



Neste sentido, crearon tamén *Tauchido*, a súa liña de xoiería, na que incorporan o zafiro engarzado na propia porcelana de maneira natural grazas a ese proceso de redución ao que someten as pezas. “Buscábamos ir a contracorrente e tratar de integrar o mundo xemolóxico no cerámico. Vimos a porcelana como unha curmá pequena do zafiro e a partir de aí xurde unha formulación dunha porcelana diferente na que conseguimos adherir o zafiro coa propia porcelana”.



Outro dos elementos importantes no seu taller é a aposta pola incorporación das novas tecnoloxías. Dispoñen de muiños para bater as pastas, empregan moldes para conseguir ese equilibrio entre a seriación e a peza única, e contan tamén con ferramentas que lles axudan en diferentes procesos como as tecnoloxías 3D, que empregan para facer prototipos e matrices, e lles permiten axilizar o proceso, crear pezas máis complexas e minimizar problemas no proceso de elaboración. “Nós considerámonos artesáns 3.0 porque temos implementada moita tecnoloxía aínda que as pezas se fagan completamente á man”, comenta Miguel Ángel.

Unha desas ferramentas é unha cortadora láser coa que poden deseñar e crear as súas propias caixas de embalaxe e aproveitar ademais os sobrantes para o recheo. Isto permítelles manter un amplo catálogo de pezas sen a necesidade de investir cartos e espazo nun stock excesivo de caixas. “Parecíanos ilóxico e irracional ter tanto cartón almacenado sen lle poder dar uso. Así que o que facemos é deseñar as caixas á medida e adaptalas ás pezas, e non ao revés. A peza vai moito máis protexida e non desaproveitamos nada”.

A sustentabilidade é outro dos piares do seu proceso de traballo e para conseguilo traballan coa súa propia enerxía a través de placas solares e cun proceso de purificación da pasta de porcelana sobrante para poder reutilizar a máxima posible. “Da barbotina que se crea, intentamos non tirar nada, a non ser que a peza saia rota na última cocción e non se poida utilizar”, explica Miguel Ángel. A porcelana de Barreiros Artesanía en calquera das tres vertentes busca reflectir a filosofía e o modo de vida destes ceramistas. O uso de enerxías renovables, o residuo cero nos diferentes procesos, a minimización de plásticos, ou o reflexo da cultura galega, da Ribeira Sacra e do mundo rural son elementos que forman parte do seu proxecto e das súas pezas. “Moita xente sorpréndese cando lle dan a volta á peza porque nós reivindicamos Artesanía de Galicia e Ribeira Sacra, e agora hai unha tendencia a valorar cada vez máis o traballo artesanal e de onde vén a peza, pero é un labor de concienciación que non é fácil”, explican.



Estos ceramistas no dudan en falar de las ventajas de la porcelana. De excepcional resistencia e impermeabilización debido a su cocción de alta temperatura, la consideran el mejor material para la alimentación. En la actualidad cuentan con tres líneas de trabajo diferentes —utilitaria, iluminación y joyería— todas elaboradas en auténtica porcelana de redución, con su propio esmalte. La redución es un proceso que se consigue al cocer las piezas en un horno de gas a 1.400 grados en una atmósfera en la que se elimina todo el oxígeno y con la que se consigue blanquear la porcelana hasta darle su color característico, reducir su tamaño en un 15% y crear una pieza más resistente y completamente vitrificada. “La porcelana no tiene porosidad, siempre ha sido y será el mejor contenedor para la alimentación porque no le ataca ningún ácido, el esmalte nunca va a interactuar con el alimento ni aportarle ningún metal pesado ni nada perjudicial”.

Los esmaltes con los que decoran las piezas también están elaborados por ellos. El más habitual es el cobalto, con el que consiguen ese color azul que caracteriza sus piezas, y están incorporando otro esmalte *Bosque misterioso*, en verdes y marrones. “El color, tal y como lo entendemos, por encima de 1.200 grados no existe. La porcelana siempre ha estado vinculada al azul porque el cobalto es el único pigmento capaz de darle una estabilidad de color. Es inerte a las atmósferas reductoras y oxidantes”.

Desde hace más de diez años, Barreiros Artesanía cuenta con otras líneas de producto que ponen de manifiesto las cualidades de la porcelana para usos menos habituales. “Buscamos una iluminación más próxima, vinculada al efecto del fuego. Queríamos huir de esa iluminación cenital más fría e impersonal y crear ambientes más cálidos, más íntimos y relajantes, más de estar en casa. Conseguir que cuando llegues a tu casa y enciendas las piezas se cree una sensación de bienestar y protección que no tienes fuera”, explica Miguel Ángel.

These ceramists do not hesitate to talk about the advantages of porcelain. With exceptional resistance and impermeability due to its high temperature firing, they consider it to be the best material for food. They currently have three different lines of work — utilitarian, lighting and jewellery — all made from authentic reduction firing, with its own glaze. Reduction is a process achieved by firing the pieces in a gas kiln at 1,400 degrees centigrade in an atmosphere in which all oxygen is eliminated. This whitens the porcelain to its characteristic colour, reducing its size by 15 percent and creates a more resistant, fully vitrified piece. “Porcelain is non-porous, it always has been and always will be the best container for food because it’s not affected by any acid; the enamel will never interact with the food or contribute any heavy metals or anything harmful to it,” they explained.

The enamels with which they decorate the pieces are also elaborated by them. The most common is cobalt, with which they achieve the blue colour that characterises their pieces. They also incorporate another glaze, *Bosque misterioso* (Mysterious Forest), in greens and browns. “Colour, as we understand it, does not exist above 1,200 degrees. Porcelain has always been linked to blue because cobalt is the only pigment capable of giving it colour stability. It is inert to reducing and oxidising atmospheres.”

For more than ten years, Barreiros Artesanía has had other product lines that bring out the qualities of porcelain for less common uses. “We’re looking for closer lighting, linked to the effect of fire,” Miguel Ángel said. “We wanted to get away from this colder and impersonal overhead lighting and create warmer, more intimate and relaxing atmospheres, more like being at home. We wanted to create a feeling of well-being and protection that you can’t enjoy outside when you get home and switch on the pieces.”

**“Queríamos fuxir desa iluminación cenital máis fría e impersonal e crear ambientes máis cálidos, máis íntimos e relaxantes”**



**“Queríamos huir de esa iluminación cenital más fría e impersonal y crear ambientes más cálidos, más íntimos y relajantes”**

En este sentido, crearon también *Tauchido*, su línea de joyería, en la que incorporan el zafiro engarzado en la propia porcelana de manera natural gracias a ese proceso de reducción al que someten las piezas. “Buscábamos ir a contracorriente y tratar de integrar el mundo gemológico en el cerámico. Vimos la porcelana como una prima pequeña del zafiro y a partir de ahí surge una formulación de una porcelana diferente en la que conseguimos adherir el zafiro a la propia porcelana”.

Otro de los elementos importantes en su taller es la apuesta por la incorporación de las nuevas tecnologías. Disponen de molinos para batir las pastas, emplean moldes para conseguir ese equilibrio entre la seriación y la pieza única, y cuentan también con herramientas que les ayudan a diferentes procesos como las tecnologías 3D, que emplean para hacer prototipos y matrices, y les permiten agilizar el proceso, crear piezas más complejas y minimizar problemas en el proceso de elaboración. “Nosotros nos consideramos artesanos 3.0 porque tenemos implementada mucha tecnología aunque las piezas se hagan completamente a mano”, comenta Miguel Ángel.

Una de esas herramientas es una cortadora láser con la que pueden diseñar y crear sus propias cajas de embalaje y aprovechar además los sobrantes para el relleno. Esto les permite mantener un amplio catálogo de piezas sin la necesidad de invertir dinero y espacio en un stock excesivo de cajas. “Nos parecía ilógico e irracional tener tanto cartón almacenado sin poderle dar uso. Así que lo que hacemos es diseñar las cajas a medida y adaptarlas a las piezas, y no al revés. La pieza va mucho más protegida y no desaprovechamos nada”.

La sostenibilidad es otro de los pilares de su proceso de trabajo y para conseguirlo trabajan con su propia energía a través de placas solares y con un proceso de purificación de la pasta de porcelana sobrante para poder reutilizar la máxima posible. “De la barbotina que se crea, intentamos no tirar nada, a no ser que la pieza salga rota en la última cocción y no se pueda utilizar”, explica Miguel Ángel. La porcelana de Barreiros Artesanía en cualquiera de sus tres vertientes busca reflejar la filosofía y el modo de vida de estos ceramistas. El uso de energías renovables, el residuo cero en los diferentes procesos, la minimización de plásticos, o el reflejo de la cultura gallega, de la Ribeira Sacra y del mundo rural son elementos que forman parte de su proyecto y de sus piezas. “Mucha gente se sorprende cuando le dan la vuelta a la pieza porque nosotros reivindicamos Artesanía de Galicia y Ribeira Sacra, y ahora hay una tendencia a valorar cada vez más el trabajo artesanal y de dónde viene la pieza, pero es una labor concienciación que no es fácil”, explican.

**“We wanted to get away from this colder and impersonal overhead lighting and create warmer, more intimate and relaxing atmospheres”**

In this sense, they also created *Tauchido*, their jewellery line. In it, they incorporate the sapphire set in the porcelain itself in a natural way thanks to the reduction process to which the pieces are subjected. “We wanted to go against the current and try to integrate the gemmological world into the ceramic world. We saw porcelain as a small cousin of sapphire and from there we came up with a formulation of a different porcelain in which we managed to adhere the sapphire to the porcelain itself,” they said.

Another important element in the workshop is their commitment to using new technologies. They have mills to beat the pastes and use moulds to achieve that balance between serialisation and unique pieces. They also have tools that help them in different processes such as 3D technologies, which are used to make prototypes and matrixes, and allow them to speed up the process, create more complex pieces and minimise problems in the production process. “We consider ourselves 3.0 craftsmen,” Miguel Ángel said. “Because we have implemented a lot of technology even though the pieces are made entirely by hand.”

One of these tools is a laser cutter that allows them to design and create their own packaging boxes and also use the leftovers for stuffing. This allows them to maintain an extensive catalogue of parts without the need to invest money and space in an excessive stock of boxes. “It seemed illogical and irrational to us to have so much cardboard in stock without being able to use it,” he said. “So what we do is design the boxes to measure and adapt them to the pieces, and not the other way around. The piece is much better protected and we don’t leave anything to waste.”

Sustainability is also another of the cornerstones of their work and to achieve this they work with their own energy through solar panels, and with a purification process of the leftover porcelain paste to re-use as much of it as possible. “We try not to throw away any of the slip that is created,” Miguel Ángel said. “Unless the piece is broken in the last firing and cannot be used.” The porcelain of Barreiros Artesanía in any of its three aspects seeks to reflect the philosophy and way of life of these ceramists. The use of renewable energies, zero waste in the different processes, the minimisation of plastics, or the reflection of Galician culture, the Ribeira Sacra and the rural environment are elements that form part of their project and their pieces. “Many people are surprised when they turn the piece upside down because we vindicate Artesanía de Galicia and Ribeira Sacra,” they said. “And now there is a tendency to value craftsmanship, where the piece comes from and much more, but it is an awareness-raising task that is not easy.”



## Joyería Wildenmann. A sustentabilidade na alta xoiería

**No ano 2011 Thomas Buchter, terceira xeración dunha saga familiar de xoieiros fundada polo seu avó Otto Wildenmann en Alemaña, establece o seu obradoiro na Coruña. O seu taller está especializado nas xoias de autor de alta calidade, personalizadas e nas que emprega materiais ecolóxicos e libres de conflito. A de Wildenmann é unha xoiería na que o artesán traballa dun xeito semellante ao da alta costura, adaptando o seu coñecemento e os seus deseños aos gustos do cliente, traballando con pequenos provedores especializados e mesmo facendo unha proba previa, buscando converter unha xoia única na máxima expresión do luxo.**

Joyería Wildenmann dedícase a facer pezas únicas en ouro e en platino, nas que incorpora diamantes e diferentes pedras preciosas como augamariñas ou turmalinas, para persoas que buscan pezas personalizadas e exclusivas. “A miña non é unha xoiería de masas, é moi artesanal, e o meu proceso de traballo depende moito de cada encarga en concreto porque é moi personalizado”, comenta Thomas.

“Fago o deseño en acuarela, gústame facelo moi detallado para poderlle amosar ao cliente formas e opcións de pedras de xeito que poida imaxinar ben o que lle propoño”. O proceso comeza cunha entrevista para coñecer os gustos da persoa e tamén as súas características físicas que indiquen formas

## Joyería Wildenmann. La sostenibilidad en la alta joyería

**En el año 2011 Thomas Buchter, tercera generación de una saga familiar de joyeros fundada por su abuelo Otto Wildenmann en Alemania, establece su taller en A Coruña. Su trabajo está especializado en las joyas de autor de calidad, personalizadas y en las que utiliza materiales ecológicos y libres de conflicto. La de Wildenmann es una joyería en la que el artesano trabaja de un modo similar al de la alta costura, adaptando su conocimiento y sus diseños a los gustos del cliente, trabajando con pequeños proveedores especializados e incluso haciendo una prueba previa, buscando convertir una joya única en la máxima expresión del lujo.**

Joyería Wildenmann se dedica a hacer piezas únicas en oro y platino, en las que incorpora diamantes y diferentes pedras preciosas como aguamarinas o turmalinas, para personas que buscan piezas personalizadas y exclusivas. “La mía no es una joyería de masas, es muy artesanal, y mi proceso de trabajo depende mucho de cada encargo en concreto porque es muy personalizado”, comenta Thomas.

## Joyería Wildenmann. Sustainability in fine jewellery

**Thomas Buchter, third generation of a family saga of jewellers started by his grandfather Otto Wildenmann in Germany, opened his A Coruña workshop in 2011. His work specialises in quality, personalised signature jewellery, where he uses ecological and conflict-free materials. Wildenmann's is a jewellery shop in which the artisan works in a similar way to haute couture, adapting his knowledge and designs to the client's tastes. They work with small specialised suppliers and even make an initial product test, in an attempt to turn a unique piece of jewellery into the maximum expression of luxury.**

Joyería Wildenmann creates unique pieces in gold and platinum, incorporating diamonds and different gemstones such as aquamarines or tourmalines, for people who are looking for personalised and exclusive pieces. “Mine is not a mass jewellery shop,” Thomas says. “It's very artisanal, and my work process depends a lot on each individual commission because it is very personalised.”



ou cores que lle favorezan especialmente. Conta con pequenas coleccións coas súas propostas, pero a súa especialidade está na singularidade das pezas únicas e irrepitibles, nos materiais seleccionados coidadosamente ou en texturas elaboradas por el mesmo no taller. “Nós pensamos que non hai maior luxo que que alguén poida facer coas súas mans unha peza de calidade excepcional e que a faga só para ti”, explica Mar, a muller de Thomas, encargada da tenda.

A xoiería marca a infancia de Thomas Buchter en Alemaña. No ano 1947, seu avó Otto Wildenmann, engastador de xoias, funda a empresa familiar de xoiería Wildenmann, nos arredores de Pforzheim, na Selva Negra, un dos centros de xoiería máis importantes de Alemaña e coñecida popularmente como a Cidade do Ouro. “No século XVIII había un conde de Baden que, buscando darlle un porvir aos nenos dun orfanato da zona, levou xoieiros franceses para ensinarlles unha profesión a eses nenos e asegurarlles un futuro. De aí vén a tradición xoieira desa zona de Alemaña, da preocupación deste conde polo futuro deses nenos”, explican.

Desde moi pequeno, seu pai Manfred Buchter, tamén dedicado á xoiería e especializado en técnicas de gravado de gran complexidade, familiarízao coas diferentes pedras preciosas, co proceso de traballo no que cada xoia que se elabora é diferente e queda engaiolado pola profesión. Durante cinco anos e medio recibe formación especializada na Fachschule für Schmuck und Gerät de Pforzheim, unha das escolas de deseño de xoias máis importantes de Europa, da que saen os deseñadores para as grandes firmas. “En Alemaña ademais da formación nun taller, é importante a formación especializada nunha escola de xoiería”, explica.



No seu traballo diario, Thomas incorpora as novas tecnoloxías, especialmente o deseño 3D nas súas creacións, pero continúa a traballar tamén coas mesmas técnicas manuais empregadas polos artesáns da súa familia durante tres xeracións. No seu taller hai ferramentas que pertenceron a seu pai e tamén a seu avó, que aínda segue a empregar.

